



Asunto: Sinatura dixital da memoria xustificativa do Convenio de colaboración

Con motivo da sinatura dun Convenio de Colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Entidade Colaboradora *La Venatoria*, con data 15 de febreiro de 2017, asinouse a seguinte memoria xustificativa:

“MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A ENTIDADE COLABORADORA “LA VENATORIA”

1.- Esta Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de pesca fluvial.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a regulación da conservación, o fomento e o ordenado aproveitamento das poboacións piscícolas.

2.- Antecedentes: coa data de 29 de setembro de 2016 o/a entidade La Venatoria solicitou a renovación da súa condición de entidade colaboradora, e o servizo de Conservación da Natureza de Lugo propuxo a súa renovación como entidade colaboradora á Dirección Xeral de Patrimonio Natural o 12 de xaneiro de 2017.

Coa data de 18 de xaneiro de 2017 a Dirección Xeral de Patrimonio Natural renovou a condición de Entidade Colaboradora de Pesca Fluvial por un período dun ano.

O Presidente da entidade colaboradora La Venatoria solicitou o 24 de novembro de 2016 a sinatura dun convenio de colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a realización de actividades ou investimentos a favor da riqueza piscícola das augas continentais, así como na mellora dos ecosistemas fluviais no couto de pesca de Ombreiro (río Miño).

O 26 de xaneiro de 2017, o servizo de Conservación da Natureza de Lugo emite informe-proposta favorable para a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a entidade colaboradora La Venatoria.

3.- Finalidade: para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa entidade colaboradora La Venatoria o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos desde a sinatura do convenio, que poderá prorrogarse por acordo das partes por un período adicional dun ano.

4.- O convenio ten por obxecto a realización de actividades ou investimentos a favor da riqueza piscícola das augas continentais, así coma na mellora dos ecosistemas fluviais. Os tramos de río obxecto do mesmo é o couto de pesca de Ombreiro, no río Miño.

5.- O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O artigo 27º.15 do Estatuto de Autonomía de Galicia atribúelle a esta comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de pesca fluvial e lacustre. Con base nesta competencia, promulgouse a Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, que ten como obxecto a regulación da conservación, o fomento e o ordenado aproveitamento das poboacións piscícolas.

De conformidade co disposto no, Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio compételle á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (no sucesivo, Consellería) o desenvolvemento e a aplicación da Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, e do seu Regulamento.

No marco legal da Lei 7/1992, atópase definida a figura das entidades colaboradoras. De conformidade co artigo 6º da citada lei, considéranse entidades colaboradoras as que realicen actividades ou investimentos a favor da riqueza piscícola das augas continentais galegas, así como na mellora da calidade do ambiente das devanditas augas e que teñan recoñecido tal carácter.





O nomeamento e renovación de entidades colaboradoras vén regulado nos artigos 36 a 38 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio).

O Decreto 119/1994, do 28 de abril, polo que se fixan os prezos públicos dos servizos xestionados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes referentes a actividades de caza e pesca, modificado polo Decreto 114/2013, do 18 de xullo, establece que determinados permisos de pesca en coutos poderán ser gratuítos no caso de entidades colaboradoras coas que exista convenio.

A crecente demanda de participación na protección e conservación dos ecosistemas fluviais que se vén producindo nos últimos anos por parte dos colectivos de pescadores, determina que a Consellería estableza un marco dende o que coordinar as accións que as diferentes entidades colaboradoras propoñen.

Por todo o anterior, a Consellería promove acordos para actuacións concretas en tramos de río con aquelas entidades colaboradoras interesadas en participar na xestión dos recursos piscícolas das nosas augas.

Este convenio non xera gastos que precisen un financiamento específico con cargo ao orzamento da consellería.

6.- Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do presente convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público."

En cumprimento da Circular núm. 1/2016, do 5 de febreiro de 2016 da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, pola que se ditan instrucións en materia de convenios para a aplicación da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno e co obxecto de incluír o Convenio, asinado con data 6 de marzo de 2017, no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, asínase a memoria xustificativa dixitalmente.

A subdirectora xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas
Susana Cuesta Fariña
Sinatura dixital

